

MOLLY'S GAME

[Aaron Sorkin, 2017]

324

ESTREA EN NUMAX: 05.01.2018 | V.O.S.E. | +16

Molly's Game (2017, 141')

Dirección: Aaron Sorkin

Guión: Aaron Sorkin (Memorias: Molly Bloom)

Elenco: Jessica Chastain, Idris Elba, Kevin Costner,

Michael Cera, Samantha Isler, Chris O'Dowd, Graham Greene

Son: Michael J. Benavente

Montaxe: Alan Baumgarten, Elliot Graham, Josh Schaeffer

Fotografía: Charlotte Bruus Christensen

Vestuario: Susan Lyall

Dirección de arte: Doug Huszti

Música: Daniel Pemberton

Produtoras: Entertainment One, The Mark Gordon Company, Pascal Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: eOne

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

The Newsroom, 2012 [Serie TV]

Studio 60 on the Sunset Strip, 2006 [Serie TV]

El ala oeste de la Casa Blanca, 1999 [Serie TV]

Sports Night, 1998 [Serie TV]

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (Nomeada a mellor actriz

—Jessica Chastain—), Globos de Ouro

2018 (Nomeada a mellor actriz —Jessica

Chastain— e mellor guión), Palm Spring

(Mellor actriz —Jessica Chastain—)

SINOPSE

Molly's Game está baseado na historia real de Molly Bloom (Jessica Chastain), unha prometedora esquiadora de nivel olímpico que, ao ver truncada a súa carreira deportiva, acabou organizando as partidas de póker clandestinas máis exclusivas de Estados Unidos. Ás súas partidas acudían as máis grandes estrelas de Hollywood, deportistas de elite, titáns do mundo dos negocios e, finalmente, membros da mafia rusa, até que Molly foi arrestada por 17 axentes armados do FBI na metade da noite.

«Unha obra densa, dinámica, compulsivamente entretida, cun uso abraiante do estratosférico talento de Jessica Chastain»

Peter Debruge, VARIETY



“O póker non é un xogo de sorte”

Entrevista con Aaron Sorkin

Por Andrew Bloomenthal

Estudaches a psicoloxía dos xogadores de póker para dirixir mellor os actores?

Até onde pode chegar a psicoloxía dos xogadores de póker. Todos os extras nas escenas de póker son xogadores profesionais, porque teñen un manexo da baralla que ti ou non podemos ter. Pero a maior aprendizaxe para min é unha frase que a propia Molly di no filme: o póker non é un xogo de sorte. A ruleta é un xogo de sorte. O póker é un xogo de habilidade. Daquela preguntelle: «Veña Molly, non se trata de ter a mellor man de cartas? Se levo catro ases queresme dicir que non vou tombar o mellor xogador de póker do mundo». E Molly respondeu: «Non tal. Pode que gañes esa man, mais un rival preparado non ha poxar pois saberá o que levas e, ao remate da noite, ha ter todo o teu diñeiro».

Daquela, aprendín a respectar e apreciar todo o que un bo xogador de póker pode facer coa súa mente. E non son só xogadores, adoitan ser mestres dos seus propios universos. Multimillonarios, administradores de empresas, estrelas do cinema, atletas e, nalgúns casos, membros da realeza. Desde logo que son xente á que lle gustaba volver para casa con máis diñeiro do que tiñan de partida,

mais a súa ambición real era vencer a outras persoas. Por iso o personaxe de Michael Cera di nunha escena: «Non me chega con gañar a outras persoas, quero esnaquizar vidas».

No filme a voz en off ten moito peso. Estabas no estudio supervisando as sesións de Jessica Chastain?

Por suposto que estaba alí, porque a actuación coa voz é tan importante como calquera escena gravada do filme. Durante as sesións gustábame poñer a Jessica ante o micrófono e, no outro lado do estudio, unha liña de cadeiras para que Jessica tivese un público ao que falar, porque non me interesaba un estilo de locución íntimo e susurrante. Quería un ton amplo, como se estivese a dar un relatorio ante un público descoñecido.

Fuches modificando os textos da voz en off ou creando novas liñas para enriquecer o filme ou aclarar escenas xa filmadas?

Houbo un par de veces nas que engadimos pequenas liñas que nomeaban escenas curtas que eu tiña cortado, para non perdermos a información eliminada, pero foron casos excepcionais, non máis dun ou dous. Non quería empregar a voz en off como un comodín pois dese xeito teríase convertido nunha máquina explicativa.

No filme encontramos un monólogo épico de Idris Elba na oficina do fiscal. Como deches coa cadencia e o contido desta grande escena e como decidiches a súa lonxitude? Créalo ou non, cursei un grao superior de espectáculos

musicais, así que teño formación específica na materia. Aprendín que nun musical, unha canción funciona mellor cando a palabra falada non abonda e só a música pode expresar unha idea ao xeito. Por exemplo cando Tony coñece a Maria no baile de *West Side Story* (Robert Wise, Jerome Robbins, 1961), el non pode ir onda os seus amigos e espetarlles: «Deus, coñecín unha moza incríbel e creo que namorei dela». Non, el prefere cantar. [Sorkin canta] «Maria! Coñecín unha moza chamada María, e agora ese nome non volverá ser o mesmo para min!». Pois ben, un monólogo falado precisa o mesmo tipo de aproximación, no que un personaxe non se pode conter máis. Precisa explotar, como o vapor nunha pota de espaguetes, petando na tapa. O exemplo tipo máis clásico que me vén á mente é o de Jack Nicholson en *Algunos hombres buenos* (Rob Reiner, 1992) cando di: «Non podes soportar a verdade!».

En *Molly's Game* o personaxe de Idris leva sentado varias horas na oficina do fiscal, pedindo que se faga o correcto, e implorando á súa clienta que dea os nomes que lle están a pedir para salvar a súa vida. Pero a túa pregunta sobre a duración da escena é pertinente. Ás veces sáche ben á primeira pero na maior parte dos casos tes que modificar o guión e buscar que cousas obstaculizan o monólogo do teu actor. Porque unha vez que comeza o *speech* tes que seguir até o remate, sen sequera coller alento.

Publicado en www.scriptmag.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Figuras del deseo femenino,

Juan Curbet Soler. Cátedra, 2014

Steve Jobs, Danny Boyle. Universal [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**